

# BOLETÍN EPIDEMIOLÓGICO SEMANAL DE GALICIA

VOL. V / 1991 / NUM. 1  
SEMANAS 1-4 / 1991  
(30 decembro 1990 / 26 xaneiro 1991)



## ANÁLISE DAS NOTIFICACIÓNS NUMÉRICAS. GALICIA 1990 (I)

### INTRODUCCIÓN

Desde que Langmuir, en 1963, definiu a vixilancia de enfermidades como «a continua e sistemática recolección, consolidación e avaliación da morbilidade e mortalidade e outros datos relevantes», e a «diseminación regular destes a todos aqueles que os necesiten», varios cambios foron introducidos no seu concepto<sup>1</sup>.

En 1986, o C.D.C. (Centro para o Control de Enfermidades de Atlanta) ampliou as súas aplicacións a unha extensa categoría de datos de saúde (factores de risco, incapacidades e accións de saúde). Por outra banda, engadiu que a diseminación da información debería ser, ademais de regular, oportuna, e que os datos, para seren útiles terían que estar integrados no procedemento e avaliación dos programas específicos de saúde pública. Consecuentemente, o último elo da cadea de vixilancia sería a aplicación deses datos á prevención e ó control<sup>2</sup>.

Máis recentemente, Thacker e cols.<sup>3</sup> propoñen o termo «vixilancia en saúde pública», xa que a Epidemioloxía é unha ampla disciplina que inclúe a investigación, mentres que vixiar non é investigar, aínda que pode se-la base de investigacións.

Na súa orixe, a vixilancia limitábase ás enfermidades infecciosas, polo que na actualidade estes son os sistemas máis establecidos, aínda que non por iso exentos de críticas. Efectivamente, a eficacia do denominado «Sistema de Declaración Obrigatoria de Enfermidades» (SNEDO) é cuestionada sobre todo polo retraso na notificación de casos, a infradeclaración destes, a súa baixa representatividade e especificidade, e pola elección de determinadas rúbricas, que debería estar baseada na posibilidade de control e da toma de decisións con respecto desa enfermidade, debendo de ser por tanto sometidas a unha revisión crítica periódica<sup>4</sup>.

Aínda que o uso máis inmediato destes datos debería de se-la posta en marcha das medidas de control indivi-

dual e colectivo da enfermidade, a realidade é que as aplicacións primarias deste sistema son a detección de cambios das tendencias, a definición da existencia de endemias e epidemias, a aportación de información operativa para a planificación e a avaliación do Plan de Saúde correspondente e a difusión da información analizada<sup>5</sup>.

A transmisión dos resultados da análise da información e das recomendacións correspondentes, tanto ó persoal sanitario declarante coma ós niveis de decisión e control da organización sanitaria e político administrativa ten dous propósitos fundamentais que son: proporcionar unha base de coñecemento para a adopción de medidas de control e mellora-la notificación. Acadar estes dous obxectivos é o fin deste resumo anual que presentaremos ó longo de varios números deste Boletín.

### MATERIAL E MÉTODOS

A fonte de información empregada foron os partes de notificación numérica recollidos polo SNEDO durante o período comprendido entre os anos 1984 e 1990. Excluíronse desta análise as notificacións da SIDA, xa que estas forman parte dun rexistro específico na nosa Comunidade, que regularmente publica neste Boletín os casos confirmados pola Comisión Nacional.

A análise inclúe unha parte xeral e outra específica na que se analizan as rúbricas clasificadas nos 7 grupos seguintes: alimentarias, zoonoses, respiratorias, inmunoprevivibles incluídas no calendario de vacinacións, transmisión sexual, de corentena e outras.

As poboacións correspondentes ó período analizado, calculáronse mediante a fórmula empregada polo INE que asume a hipótese de crecemento xeométrico, e que se basea no decremento observado entre os censos dos anos 1981 e 1991.

A incidencia esperada estimouse mediante o **Índice Epidémico Acumulado** que é a razón entre as taxas presentadas no ano correspondente e as que se esperan ou prevén (mediana do quinquenio anterior) para o mesmo ano. Valores entre 0,76 e 1,24 indican unha incidencia normal, menores ou iguais a 0,75, apuntan a unha incidencia baixa, e maiores ou iguais a 1,25, falan dunha alta incidencia. En procesos pouco frecuentes non se calculou este índice por non ser de utilidade, dado que pequenas oscilacións no número de casos producen grandes variacións do devandito índice.

Para a vixilancia da actividade das Infeccións respiratorias agudas, Gripe, Pneumonía e Infección meningocócica non se observou o ano natural, senón os períodos de maior actividade.

## RESULTADOS

### 1. DESCRICIÓN XERAL

Durante o ano 1990 foron notificados **23.459,41** procesos por 100.000 habitantes, cifra considerablemente inferior á rexistrada no resto do Estado (55.523,36 por 100.000 habitantes). Esta notificación amosou diferencias segundo a provincia, sendo en Ourense onde se declararon máis procesos, e na Coruña, onde menos.

A taxa global de notificación de procesos sufriu un **descenso** dun 10% con respecto á do ano anterior. No dito descenso estiveron implicadas as provincias da Coruña e Pontevedra, xa que ámbalas dúas presentaron decrementos arredor dun 20%, a diferenza de Lugo e Ourense, onde a notificación amosou incrementos dun 19 e 7%, respectivamente (Gráfico 1).

As taxas rexistradas na nosa Comunidade no ano 1990, superaron as de España para as seguintes rúbricas: **FEBRE TIFOIDEA E PARATIFOIDEA, SHIXELOSE, HEPATITES VÍRICAS, TUBERCULOSE RESPIRATORIA, FEBRE REUMÁTICA AGUDA, RUBÉOLA, TÉTANO e URETRITE GONOCÓCICA** (Táboa 1, Gráfico 2).

Os cinco procesos máis declarados tanto en Galicia como en España foron, en orde decrecente, as **INFECCIÓNS RESPIRATORIAS AGUDAS (I.R.A.), a GRIPE, os OUTROS PROCESOS DIARREICOS (O.P.D.), a VARICELA e maila PNEUMONÍA**. Estas, en conxunto, representaron arredor do 98 por cento do total das notificacións recibidas. A partir deste punto, e seguindo con esta orde decrecente, as discrepancias fanse manifestas seguindo pode observarse no Gráfico n.º 3.

Segundo o Índice Epidémico Acumulado (I.E.Ac.), tres enfermidades: a **FEBRE REUMÁTICA AGUDA, a RUBÉOLA e a PNEUMONÍA** superaron o número de casos esperados para este ano respecto do quinquenio anterior (Gráfico n.º 3).

Seis procesos presentaron un incremento con respecto ó ano anterior, sendo inmunoprevivibles as dúas que amosaron o maior aumento. O resto das rúbricas viron diminuído o seu número de casos, sendo máis chamativo para a **TOSEFERINA e a VARICELA** (Gráfico n.º 4).

Gráfico n.º 1  
EVOLUCIÓN DAS TAXAS DE NOTIFICACIÓN SEGUNDO A PROVINCIA




Gráfico n.º 2  
COMPARACIÓN DAS E.D.O. NOTIFICADAS CON MÁIS FRECUENCIA EN GALICIA E ESPAÑA. 1990





Gráfico n.º 3  
CLASIFICACIÓN DAS E.D.O. SEGUNDO O ÍNDICE EPIDÉMICO ACUMULADO



N.P.: l.alta: >=1.25, l.esperada: 1.24-0.74  
l.baixa: <=0.75

Gráfico n.º 4  
VARIACIÓN DOS CASOS DECLARADOS EN 1990 CON RESPECTO DO ANO ANTERIOR



**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBLIGATORIA  
SEMANAS 1 - 4, do 2019**

ÁREAS E COMARCAS	ALIMENTARIAS										ZOOSE	
	FEBRE TIFOIDEA E PARITIFOIDEA		TOXIINFECCIÓN ALIMENTARIAS		DISENTERIA BACILAR		OUTROS PROCESOS DIARREICOS		HEPATITE A		BRUCELOSE	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Ferrol	0	0	2	2	0	0	151	151	1	1	0	0
Ortigueira	0	0	0	0	0	0	18	18	0	0	0	0
A. FERROL	0	0	2	2	0	0	169	169	1	1	0	0
Coruña (A)	0	0	0	0	0	0	596	596	1	1	0	0
Betanzos	0	0	0	0	0	0	79	79	0	0	0	0
Carballo	0	0	1	1	0	0	37	37	0	0	0	0
A. CORUÑA (A)	0	0	1	1	0	0	712	712	1	1	0	0
Vimianzo	0	0	0	0	0	0	68	68	0	0	0	0
A. FISTERRA	0	0	0	0	0	0	68	68	0	0	0	0
Estrada (A)	0	0	0	0	0	0	142	142	0	0	0	0
Arzúa	0	0	0	0	0	0	17	17	2	2	0	0
Lalín	0	0	1	1	0	0	53	53	0	0	0	0
Santiago	0	0	0	0	0	0	349	349	0	0	0	0
A. SANTIAGO	0	0	1	1	0	0	561	561	2	2	0	0
Boiro	0	0	0	0	0	0	16	16	0	0	0	0
Noia	0	0	0	0	0	0	75	75	0	0	0	0
Beira	0	0	0	0	0	0	13	13	0	0	0	0
A. BARBANZA	0	0	0	0	0	0	104	104	0	0	0	0
Marín	0	0	7	7	0	0	145	145	2	2	0	0
Pontevedra	0	0	3	3	0	0	428	428	1	1	0	0
Sanxenxo	0	0	1	1	0	0	106	106	0	0	0	0
Vilagarcía	1	1	6	6	0	0	284	284	0	0	0	0
A. PONTEVEDRA	1	1	17	17	0	0	963	963	3	3	0	0
Cangas	0	0	10	10	0	0	92	92	0	0	0	0
Vigo	1	1	14	14	0	0	638	638	1	1	0	0
A. VIGO NORTE	1	1	24	24	0	0	730	730	1	1	0	0
Cañiza (A)	0	0	0	0	0	0	23	23	0	0	0	0
Ponteareas	0	0	5	5	0	0	120	120	1	1	0	0
Porriño (O)	0	0	0	0	0	0	136	136	0	0	0	0
Redondela	0	0	7	7	0	0	179	179	0	0	0	0
Tui	0	0	9	9	0	0	129	129	2	2	0	0
Val Miñor	0	0	0	0	0	0	78	78	0	0	0	0
A. VIGO SUR	0	0	21	21	0	0	665	665	3	3	0	0
Bande	0	0	0	0	0	0	25	25	0	0	0	0
Carballiño	0	0	0	0	0	0	64	64	0	0	0	0
C. Caldelas	0	0	0	0	0	0	17	17	0	0	0	0
Celanova	0	0	0	0	0	0	28	28	0	0	0	0
aceda	0	0	0	0	0	0	47	47	2	2	0	0
Ourense	4	4	6	6	0	0	162	162	2	2	2	2
Ribadavia	0	0	0	0	0	0	39	39	0	0	0	0
Xinzo Limia	0	0	0	0	0	0	51	51	0	0	3	3
A. OURENSE	4	4	6	6	0	0	433	433	4	4	5	5
Verín	0	0	1	1	0	0	37	37	0	0	1	1
A. VERÍN	0	0	1	1	0	0	37	37	0	0	1	1
Barco (O)	0	0	0	0	0	0	72	72	0	0	2	2
Pobra de Trives	0	0	0	0	0	0	52	52	0	0	0	0
A. BARCO (O)	0	0	0	0	0	0	124	124	0	0	2	2
Chantada	0	0	0	0	0	0	38	38	0	0	0	0
Monforte	0	0	0	0	0	0	72	72	0	0	1	1
Quiroga	0	0	0	0	0	0	3	3	0	0	0	0
A. MONFORTE	0	0	0	0	0	0	113	113	0	0	1	1
Becerreá	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0	0	0
Fonsagrada	0	0	0	0	0	0	12	12	0	0	0	0
Lugo	0	0	17	17	0	0	116	116	0	0	1	1
Meira	0	0	0	0	0	0	18	18	0	0	0	0
Sarria	0	0	0	0	0	0	9	9	0	0	3	3
Vilalba	1	1	0	0	0	0	15	15	0	0	1	1
A. LUGO	1	1	17	17	0	0	175	175	0	0	5	5
Burela-Cervo	0	0	3	3	0	0	10	10	0	0	0	0
Mondoñedo	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	0	0
Ribadeo	0	0	0	0	0	0	11	11	0	0	0	0
Viveiro	0	0	0	0	0	0	81	81	0	0	0	0
A. CERVO	0	0	3	3	0	0	103	103	1	1	0	0
<b>GALICIA</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>93</b>	<b>93</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>4.957</b>	<b>4.957</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>14</b>	<b>14</b>

\* Os resultados deste cadro son provisionais.

**BRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL**  
**31/12/90 ó 26/1/91**

RESPIRATORIAS															
I.R.A.		GRIPE		NEUMONÍA		TUBERCULOSE RESPIRATORIA		INFECCIONES MENINGOCÓCICAS		VARICELA		ESCARLATINA		FEBRE REUMÁTICA AGUDA	
Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
2.232	2.232	1.454	1.454	37	37	0	0	0	0	36	36	6	6	1	1
270	270	151	151	0	0	0	0	0	0	1	1	8	8	0	0
2.502	2.502	1.605	1.605	37	37	0	0	0	0	37	37	14	14	1	1
4.941	4.941	4.077	4.077	177	177	26	26	3	3	21	21	3	3	2	2
1.325	1.325	1.346	1.346	45	45	1	1	0	0	33	33	0	0	3	3
650	650	1.003	1.003	23	23	1	1	0	0	5	5	0	0	0	0
6.916	6.916	6.426	6.426	245	245	28	28	3	3	59	59	3	3	5	5
965	965	891	891	63	63	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
965	965	891	891	63	63	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
589	589	295	295	6	6	0	0	0	0	3	3	0	0	0	0
440	440	120	120	4	4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
724	724	438	438	11	11	2	2	0	0	11	11	0	0	0	0
3.379	3.379	4.025	4.025	81	81	2	2	0	0	97	97	1	1	3	3
5.132	5.132	4.878	4.878	102	102	4	4	0	0	111	111	1	1	3	3
41	41	23	23	2	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
1.006	1.006	259	259	10	10	1	1	0	0	26	26	5	5	0	0
29	29	49	49	3	3	1	1	0	0	5	5	0	0	0	0
1.076	1.076	331	331	15	15	2	2	0	0	31	31	5	5	0	0
1.035	1.035	594	594	25	25	1	1	0	0	3	3	0	0	0	0
3.342	3.342	3.535	3.535	53	53	4	4	0	0	90	90	4	4	0	0
784	784	526	526	12	12	0	0	0	0	3	3	0	0	0	0
1.368	1.368	966	966	19	19	2	2	0	0	15	15	0	0	0	0
6.529	6.529	5.621	5.621	109	109	7	7	0	0	111	111	4	4	0	0
1.351	1.351	744	744	42	42	7	7	0	0	23	23	0	0	0	0
3.521	3.521	3.361	3.361	47	47	8	8	3	3	191	191	8	8	2	2
4.872	4.872	4.105	4.105	89	89	15	15	3	3	214	214	8	8	2	2
268	268	162	162	3	3	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
1.270	1.270	545	545	27	27	0	0	0	0	7	7	1	1	0	0
889	889	778	778	15	15	1	1	0	0	3	3	1	1	0	0
442	442	287	287	8	8	1	1	0	0	5	5	0	0	3	3
964	964	670	670	18	18	0	0	1	1	31	31	1	1	0	0
672	672	402	402	22	22	2	2	0	0	15	15	0	0	1	1
4.505	4.505	2.844	2.844	93	93	4	4	1	1	62	62	3	3	4	4
170	170	205	205	12	12	0	0	0	0	8	8	0	0	0	0
1.042	1.042	366	366	14	14	0	0	0	0	6	6	0	0	0	0
93	93	155	155	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
537	537	347	347	6	6	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
488	488	484	484	22	22	0	0	0	0	2	2	0	0	0	0
3.316	3.316	1.774	1.774	93	93	1	1	1	1	13	13	0	0	0	0
726	726	671	671	29	29	0	0	0	0	12	12	0	0	0	0
757	757	1.105	1.105	20	20	0	0	0	0	7	7	0	0	0	0
7.129	7.129	5.107	5.107	196	196	1	1	1	1	48	48	0	0	0	0
1.132	1.132	324	324	10	10	1	1	0	0	2	2	0	0	0	0
1.132	1.132	324	324	10	10	1	1	0	0	2	2	0	0	0	0
846	846	811	811	17	17	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
193	193	212	212	9	9	0	0	0	0	4	4	0	0	0	0
1.039	1.039	1.023	1.023	26	26	0	0	0	0	5	5	0	0	0	0
277	277	208	208	15	15	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
1.115	1.115	404	404	22	22	0	0	1	1	12	12	0	0	0	0
45	45	43	43	4	4	0	0	0	0	3	3	0	0	0	0
1.437	1.437	655	655	41	41	0	0	1	1	16	16	0	0	0	0
265	265	218	218	4	4	0	0	0	0	4	4	0	0	0	0
212	212	204	204	12	12	0	0	0	0	4	4	0	0	2	2
2.398	2.398	1.778	1.778	94	94	4	4	0	0	40	40	0	0	2	2
466	466	329	329	24	24	0	0	0	0	2	2	0	0	0	0
699	699	476	476	10	10	1	1	0	0	3	3	2	2	1	1
550	550	401	401	21	21	2	2	0	0	7	7	1	1	1	1
4.590	4.590	3.406	3.406	165	165	7	7	0	0	60	60	3	3	6	6
696	696	212	212	24	24	1	1	0	0	2	2	0	0	1	1
254	254	125	125	18	18	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
356	356	202	202	4	4	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0
442	442	314	314	19	19	0	0	0	0	8	8	7	7	0	0
1.748	1.748	853	853	65	65	1	1	0	0	12	12	7	7	1	1
<b>49.572</b>	<b>49.572</b>	<b>38.069</b>	<b>38.069</b>	<b>1.256</b>	<b>1.256</b>	<b>70</b>	<b>70</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>769</b>	<b>769</b>	<b>48</b>	<b>48</b>	<b>22</b>	<b>22</b>

**ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN COMARCAL  
SEMANAS 1 - 4, do 31/12/90 ó 26/1/91**

ÁREAS E COMARCAS	VACINABLES								TRANSMISIÓN SEXUAL					
	SARAMPELO		RUBÉOLA		PAROTIDITE		TOSEFERINA		SÍFILE		INFECCIÓN GONOCÓCICAS		HEPATITE B	
	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.	Casos	Acumul.
Ferrol	23	23	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
Ortigueira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A. FERROL	23	23	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
Coruña (A)	0	0	0	0	1	1	0	0	1	1	3	3	1	1
Betanzos	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	9	9	0	0
Carballo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4	4	0	0
A. CORUÑA (A)	0	0	0	0	1	1	0	0	1	1	16	16	1	1
Vimianzo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	0	0
A. FISTERRA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	0	0
Estrada (A)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Arzúa	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	3	0	0
Lalín	0	0	2	2	1	1	0	0	0	0	4	4	0	0
Santiago	1	1	1	1	0	0	0	0	1	1	15	15	0	0
A. SANTIAGO	1	1	3	3	1	1	0	0	1	1	23	23	0	0
Boiro	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Noia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	1	1
Ribeira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
\. BARBANZA	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	1	1
Marín	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	0	0
Pontevedra	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	3	3	2	2
Sanxenxo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Vilagarcía	0	0	4	4	0	0	0	0	0	0	3	3	0	0
A. PONTEVEDRA	0	0	4	4	1	1	0	0	1	1	7	7	2	2
Cangas	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	2	2	0	0
Vigo	0	0	0	0	2	2	0	0	0	0	1	1	1	1
A. VIGO NORTE	0	0	0	0	3	3	0	0	0	0	3	3	1	1
Cañiza (A)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ponteareas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Porrño (O)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Redondela	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	1	1	0	0
Tui	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	8	8	0	0
Val Miñor	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	0	0
A. VIGO SUR	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	17	17	0	0
Bande	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	4	4	0	0
Carballiño	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	2	2	0	0
C. Caldelas	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	0	0
Celanova	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	4	4	0	0
Maceda	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	0	0
lurense	0	0	2	2	0	0	0	0	0	0	11	11	0	0
Ribadavia	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	3	0	0
Xinzo Limia	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	8	8	0	0
A. OURENSE	0	0	2	2	1	1	1	1	1	1	44	44	0	0
Verín	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
A. VERÍN	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
Barco (O)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
Pobra de Trives	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	9	9	0	0
A. BARCO (O)	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	14	14	0	0
Chantada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1
Monforte	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	0	0
Quiroga	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
A. MONFORTE	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	1	1
Becerreá	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Fonsagrada	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0
Lugo	0	0	0	0	1	1	0	0	0	0	2	2	0	0
Meira	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	5	0	0
Sarria	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	0	0
Vilalba	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	1	1	0	0
A. LUGO	0	0	0	0	1	1	0	0	1	1	12	12	0	0
Burela-Cervo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	2	2	0	0
Mondoñedo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ribadeo	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Viveiro	6	6	0	0	0	0	0	0	0	0	4	4	0	0
A. CERVO	6	6	0	0	0	0	0	0	0	0	6	6	0	0
<b>GALICIA</b>	<b>30</b>	<b>30</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>162</b>	<b>162</b>	<b>6</b>	<b>6</b>

Os resultados deste cadro son provisionais.

ENFERMIDADES	GALICIA 1989		GALICIA 1990				ESPAÑA 1990	
	Casos	Taxa	Casos	Taxa	IEA <sup>(1)</sup>	% <sup>(2)</sup>	Casos	Taxa
<b>RESPIRATORIAS</b>								
INFECC. RESP. AGUDAS	406.194	14.961,92	366.616	13.539,24	1,06	-10	14.620.350	35.340,75
GRIPE	169.757	6.253,28	175.239	6.476,93	1,03	4	4.317.648	10.436,74
PNEUMONÍA	5.831	214,75	7.564	279,57	1,57	30	124.702	301,43
TUBERCULOSE RESPIR.	936	34,35	569	21,03	0,73	-39	7.599	18,37
INFECC. MENINGOCÓCICA	178	6,59	67	2,48	0,28	-62	1.258	3,04
VARICELA	26.574	978,16	9.328	344,77	0,68	-65	231.498	559,58
ESCARLATINA	268	9,83	266	9,83	0,95	0	4.684	11,32
FEBRE REUMÁT. AGUDA	183	6,74	334	12,34	2,10	83	3.051	7,37
<b>ALIMENTARIAS</b>								
FEBRE TIFOIDEA E P.	305	11,23	184	6,80	0,58	-39	1.853	4,98
SHIXELOSE	180	6,63	92	3,33	0,71	-50	751	1,82
TOXIINFECC. ALIMENTA.	1.128	41,53	1.173	43,50	1,00	5	37.521	90,70
OUTROS P. DIARREICOS	90.039	3.317,62	65.777	2.431,34	0,94	-27	2.256.644	5.454,82
HEPATITES VÍRICAS (§)	2.342	86,22	1.447	53,48	0,73	-53	15.401	37,23
<b>INMUNOPREVIBLES</b>								
SARAMPELO	322	11,85	677	25,02	0,44	111	21.650	52,33
RUBÉOLA	696	25,62	2.281	84,31	1,97	229	23.462	56,71
PAROTIDITE	3.594	133,13	1.393	51,49	0,52	-51	30.624	64,03
TOSEFERINA	453	16,68	92	3,40	0,20	-80	10.075	24,35
TÉTANO	1	0,04	6	0,22	*	*	54	0,13
<b>TRANSMISIÓN SEXUAL</b>								
SÍFILIS	95	3,53	66	2,48	0,32	-30	1.685	4,07
URETRITE GONOCÓCICA	2.132	78,49	2.092	77,65	0,86	-1	13.702	33,12
URET. NON GONOCÓC.	—	—	22	0,81	*	*	—	—
CONDILOMA ACUMIN.	—	—	5	0,18	*	*	—	—
HERPE XENITAL	—	—	4	0,15	*	*	—	—
SÍFILIS CONXÉNITA	—	—	1	0,04	*	*	—	—
HEPATITE B	—	—	67	2,48	*	*	—	—
OUTRAS HEPATITES	—	—	11	0,41	*	*	—	—
<b>ZOONOSES</b>								
TRIQUEINOSE	2	0,07	0	0,00	*	*	14	0,03
CARBUNCO	1	0,04	0	0,00	*	*	152	0,37
BRUCELOSE	155	5,71	112	4,14	0,86	-27	3.041	7,35
HIDATIDOSE	2	0,07	3	0,11	*	*	562	1,36
FEBRE R. CARRACHAS	0	0,00	3	0,11	*	*	164	0,40
FEBRE R. PIOLLOS	3	0,11	0	0,00	*	*	0	0,00
FEBRE BOTONOSA	0	0,00	1	0,04	*	*	708	1,71
<b>DE CORENTENA</b>								
PALUDISMO	0	0,00	8	0,30	*	*	141	0,34
<b>OUTRAS</b>								
TUBERCULOSE EXTRAR.	—	—	8	0,30	*	*	—	—
OUTRAS MENINXITES	—	—	19	0,70	*	*	—	—

(1) Índice Epidémico Acumulado.

(2) Porcentaxe de variación das taxas do ano 1990 con respecto ás do ano 1989.

(§) Neste grupo inclúense as hepatites A, B e outras hepatites.

(—) Enfermidades incluídas só no SNEDO en Galicia no ano 1990.

## COMENTARIOS

1. Acerca-la taxa de notificación na nosa Comunidade á media estatal, a cal está a gran distancia da nosa, é un dos obxectivos que se pretenden acadar a medio prazo. Este índice, aínda que relativo, expresa de xeito global a cobertura do noso Sistema de Vixilancia e constitúe unha primeira aproximación da súa eficacia en relación a outras Comunidades.

2. O descenso experimentado nas provincias da Coruña e Pontevedra, ámbalas dúas de maior peso na notificación global, solapou o incremento ocorrido nas restantes provincias.

Os problemas operativos, engadidos á modificación que sufriu o Sistema EDO no 1990, poderían xustifica-lo citado decremento. Dado que xa foron instauradas medidas para solucionarlos, esperamos que no próximo ano as taxas de declaración continúen coa tendencia crecente que se viña experimentando desde anos anteriores.

3. Aínda que a taxa de notificación é inferior á media nacional, e polo tanto, sería de esperar que as nosas taxas específicas por enfermidade estivesen subestimadas, é salientable que para oito procesos superáramos as taxas do conxunto do Estado. Entre estas existen tres enfermidades alimentarias que pola súa vía de transmisión, poderían reflectir a existencia dunha infraestrutura hixiénico-sanitaria deficiente. Outras dúas son inmunoprevibles e ademais están incluídas no Calendario de Vacinacións sistemáticas vixente na nosa Comunidade, o cal nos suxire a necesidade de seguir dedicando esforzos na melloira do Programa de Vacinacións.

En números sucesivos analizaranse as enfermidades agrupadas segundo comentamos no apartado de material e métodos. Para cada un dos procesos máis frecuentes incluídos nestes grupos descríbese e coméntase: a distribución provincial no ano 1990; a evolución no período 1984-1990, a distribución estacional e a súa canle epidémica nos casos en que estea xustificad.

## BIBLIOGRAFÍA

1. Langmuir AD. The surveillance of communicable diseases of national importance. N. Engl. J. Med. 1963; 268: 182-92.

2. Centers for Disease Control. Comprehensive plan for epidemiologic surveillance. Centers for Disease Control. August.

3. Thacker, S.B.; Berkelman, R.L. Public Health Surveillance in the United States. Epidemiological Reviews Vol. 10, 1988, 185.

4. Kimball, A.M.; Thacker, S.B.; Levy M.E. Shigella surveillance in a large metropolitan area: Assessment of a passive reporting system. Am. J. Public Health 1980; 70: 164-166.

5. Thacker, S.B.; Keewhan, Ch.; Brachman, Ph. The surveillance of Infectious Diseases. Special Communication. JAMA, march, 4, 1983, vol. 249, n.º 9, 1.181.

**SUBSCRICIÓN: Dirixi-la solicitude ó Servicio de Epidemioloxía. Subdirección de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Lázaro, s/n. 15771 Santiago de Compostela.**